



PEGAR
ETIQUETA

Nivel 2

Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada cuestión correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a cuestión de resposta aberta, que vale 6 puntos. A puntuación máxima é de 20 puntos.

Texto 1

Concepción Arenal, ferrolá, avogada e escritora galega, muller de ciencia e feminista é unha das figuras máis representativas do século XIX.

A súa vida foi un exemplo de valentía intelectual, nunha época en que as mulleres estaban totalmente marxinadas da vida pública. Con 21 anos ingresa na Facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid, vestida con roupas de home. Puido cursar a carreira, malia a oposición da súa nai. Dende moi nova participou en faladoiros literarios e políticos ata entón prohibidos para a muller.

Tras rematar os estudos, colabora en diversos xornais e con institucións de beneficencia. Publica obras sobre a atención a persoas desfavorecidas, como por exemplo os presos. En 1863, convértese na primeira muller que visita cárceres de mulleres. Alterna a súa obra política coa literaria, en especial coa poesía.

Como feminista é unha pioneira. As súas ideas, aínda que hoxe serían consideradas conservadoras, son avanzadas para o seu tempo. A Concepción Arenal poderíamos definila como defensora dun catolicismo social. Defende que se formen e orienten as mulleres para traballar. Recibe ataques da Igrexa, malia ser profundamente relixiosa. Non dubida en criticar os cregos da súa época: «O clero en xeral é moi ignorante, non quere mulleres instruídas».

Concepción Arenal conseguiu o recoñecemento público como unha das maiores investigadoras sobre a lexislación do sistema de prisións da época. Tamén será recordada como unha pioneira na loita polos dereitos da muller.

(Adaptado de <https://www.gciencia.com/historias-gc/douscentos-anos-de-concepcion-arenal-unha-galega-universal/> [11/02/2021])

1. Cal é a idea principal do texto 1?

- A. Concepción Arenal conseguiu estudar dereito coa axuda da súa nai.
- B. Como feminista, Concepción Arenal tiña unha ideoloxía conservadora.
- C. Concepción Arenal foi unha das personalidades máis relevantes do século XIX.

2. O recoñecemento público de Concepción Arenal debeuse fundamentalmente...

- A. aos seus traballos no campo da lexislación sobre as prisións.
- B. ás súas achegas ao catolicismo social da Igrexa.
- C. á súa obra literaria, en especial como poeta.

3. «Como feminista é unha pioneira». Que significa o termo «pioneira»?

- A. Que ten unhas ideas moi conservadoras.
- B. Que dá os primeiros pasos nunha actividade.
- C. Que consegue o recoñecemento público.

4. Por que Concepción Arenal recibiu ataques do clero?

- A. Porque era unha persoa moi pouco relixiosa.
- B. Porque defendía que a muller debía ter formación e traballo propio.
- C. Porque as persoas conservadoras apoiaron as súas ideas.

5. As ideas feministas de Concepción Arenal...

- A. aínda que hoxe parezan conservadoras, foron avanzadas na súa época.
- B. seguían os principios conservadores da Igrexa católica.
- C. en realidade eran para chamar a atención.

Texto 2

PROGRAMA GALICIA EMPREGA

Ao longo do ano 2024 a Xunta de Galicia apoiará con 10,5 millóns de euros a formación e a contratación de 1.100 persoas pertencentes aos colectivos con máis dificultades para conseguir un posto de traballo. Con este programa inténtanse manter os bos resultados dos anos anteriores.

O Programa Galicia Emprega consta de catro liñas de axudas:

- **Emprega Muller**, cun aumento de 6.000 ou 12.000 euros para contratos dun ano ou contratos indefinidos. O cambio de contratos temporais a indefinidos premiarase con 4.000 euros. Do mesmo xeito, pagaranse 2.000 euros por pasar dun contrato indefinido a tempo parcial a xornada completa.
- **Emprega Discapacidade e Exclusión**, cunha axuda de ata 8.000 euros por contratos temporais a partir de 3 meses de duración; con 16.000 euros por contratos indefinidos e con 6.000 euros por cambios de contratos temporais a indefinidos.
- **Emprega Parados de longa duración**, cunha axuda de entre 5.000 e 10.000 euros por contratos dun ano ou contratos indefinidos.
- **Emprega Xuventude** (para menores de 30 anos), cun aumento de 3.000 ou 6.000 euros para contratos dun ano ou contratos indefinidos.

En todas as liñas, as axudas para a contratación poden aumentar aínda máis en casos como ser maior de 45 anos, emigrantes retornados etc.

A maiores, a empresa poderá solicitar bonos de formación de 2.000 ou 4.000 euros. A idea é que as persoas teñan unha formación teórica presencial, con contidos relacionados co posto de traballo.

(Adaptado de https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl?option=com_content&view=article&id=443)

6. Cal é idea principal do texto 2?

- A. Valorar criticamente un programa de emprego promovido pola Xunta de Galicia.
- B. Informar sobre un programa de emprego promovido pola Xunta de Galicia.
- C. Explicar as diferenzas entre contratos temporais e contratos indefinidos.

7. Cal das liñas do Programa Galicia Emprega ofrece unha mellora económica maior para os contratos indefinidos?

- A. Emprega Parados de longa duración.
- B. Emprega Muller.
- C. Emprega Discapacidade e Exclusión.

8. Ademais de premiar os contratos de determinados colectivos de persoas, o Programa Galicia Emprega...

- A. achega maiores subvencións para os contratos temporais que para os contratos indefinidos.
- B. esixe que todos os contratos que se paguen máis teñan polo menos un ano de duración.
- C. ofrece subvencións para realizar actividades formativas relacionadas co posto de traballo.

9. Que característica común teñen as catro liñas do Programa Galicia Emprega?

- A. Van dirixidas a persoas con dificultade para conseguir emprego.
- B. Buscan contratar as persoas con máis talento da sociedade galega.
- C. Pretenden subvencionar exclusivamente contratos indefinidos.

10. Que valoración lle merece a situación do emprego na Galicia actual? Pódense atopar traballos estables e de calidade? Ofrécense salarios xustos? Redacte un breve texto no que expoña o seu punto de vista sobre as cuestións propostas. (Extensión aproximada: 100 palabras)

11. Indique cal é o enunciado correcto:

- A. Logrou escapar da cárcere, iso que dicían que era moi segura.
- B. Que mala sorte tivo ese preso, que cárcere tan malo lle tocou!
- C. Está nunha cárcere de máxima seguridade.

12. Indique cal é o enunciado correcto:

- A. Atravesamos o río pola présa.
- B. Bótalle ao caldo unha presa de sal.
- C. Faino sen presa para non equivocarte.

13. No enunciado do texto 1 «malia ser profundamente relixiosa», por que palabra ou grupo de palabras podemos substituír «malia» sen que cambie o significado?

- A. A pesar de.
- B. Porque.
- C. Sen embargo.

14. No enunciado do texto 1 «O clero en xeral é moi ignorante, non quere mulleres instruídas» por que palabra podemos substituír «instruídas» sen que cambie o significado?

- A. analfabetas.
- B. con normas.
- C. formadas.

15. Indique cal é o enunciado correcto:

- A. Convertíchedes todos os contratos temporais en indefinidos?
- B. Convertestes todos os contratos temporais en indefinidos?
- C. Convertestes todos os contratos temporais en indefinidos?

